

PROXECTO “UNHA ESCOLA PARA TOD@S: INCLUSIÓN EDUCATIVA DE ALUMNADO COA SÍNDROME DE DOWN E OUTRAS DISCAPACIDADES INTELECTUAIS”

A EXPERIENCIA DE MILA E SERGIO

1. Como foi o proceso de escolarización de Sergio?

Sergio iniciou a súa escolarización na etapa de infantil nunha escola de infantil, con só tres unidades, onde xa estivera escolarizado o seu irmán, e onde toda a comunidade educativa se coñecía. Levouse a cabo con toda naturalidade e coa predisposición e a intención por parte das mestras de que Sergio fose un máis.

2. Por que decidistes escolarizalo nun centro educativo ordinario?

Porque criamos que para ser membro activo dunha sociedade era necesario acudir a un centro onde acudisen nenos e nenas que reflectisen a diversidade da mesma e puidese relacionarse con todos e todas, proporcionándolle así experiencias ricas e variadas.

3. Cal foi o papel de Down Lugo neste camiño?

Foi de acompañamento. Por unha parte, era quen canalizaba a intención e o desexo das familias de que os seus fillos se escolarizasen nunha escola ordinaria, e dábanos forzas para reafirmarnos na nosa decisión. Por outra banda, colaboraba e ás veces suplía as carencias que tiña a escola cubrindo necesidades de apoio, tanto a nivel académico como social.

4. Visto con perspectiva, que foi o mellor de optar pola educación inclusiva?

Desde logo, o mellor foi que Sergio forma parte da sociedade na que vive e aproveita todos os recursos ordinarios que esta lle ofrece. A escola inclusiva permitiulle ser un máis e vivir experiencias moi variadas nunha contorna diversa, claves para conformar a súa personalidade.

5. E o peor?

Que ás veces se descoidou un pouco a parte académica.

6. Se tivésedes que tomar hoxe de novo a decisión, volveríades optar pola educación ordinaria?

Sen dúbida. Sería inxusto para el non darlle as oportunidades que teñen os demais.

7. Por que cres que é importante a inclusión no eido educativo para as persoas coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual?

A escola ten unha función socializadora, ademais de transmisora de coñecementos, que é fundamental en todos os nenos e no caso dos nenos e nenas coa síndrome de Down aínda máis. A escola proporciónalle modelos, pautas de comportamento, normas, valores. Tamén lle dá a oportunidade de interaccionar con distintos nenos e nenas e vivir situacións que son un “adestramento” para a vida adulta.

8. Consideras que os profesionais da educación teñen un coñecemento real sobre as necesidades das persoas con discapacidade nos centros?

En xeral non, pero na maioría dos casos teñen boa actitude e ganas de aprender.

9. Consideras suficientes os medios que a administración pública destina á inclusión nas aulas das persoas con discapacidade?

Non, faltan medios humanos e tamén materiais.

10. Que lle dirías a un pai ou unha nai que teña medo de escolarizar ao seu fillo ou filla nun centro ordinario?

Ao principio xorden moitas dúbidas e medos; o medo que ten calquera pai ou nai que leva ao seu fillo ou filla á escola por primeira vez, pero incrementado. Medo a que chore, a que lle peguen, a que non o entendan, a que estea só, a que non teña amigos e amigas,... Pero eses medos van desaparecendo cando vemos que os compañeiros e compañeiras dos nosos fillos e fillas teñen a mesma idade, e que están a aprender a relacionarse do mesmo xeito que eles, por tanto están en igualdade de condicións. Máis tarde aparecerán outros medos, que no fondo é sempre o mesmo: que o noso fillo ou filla non sexa feliz. Pero merece a pena enfrontarse a todos eles, porque ver que os nosos fillos son donos da súa vida é máis que suficiente.